

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº130/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de agosto/ Estado de preparación Festa da Illa

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)





Hai que aproveitar aos investigadores que van a Ons para actividades na illa. Páx. 1  
<https://www.kaotiknature.com/voluntariado-wwf-aves-marinas-galicia/>



Aumenta en Ons o número de parellas reprodutoras de gaivota patiamerela. Haberá que informar aos visitantes para que non se queden sen comida.

Páx. 1

Hai que mellorar a Ruta do Castelo. Cor vermello. Páx. 2



Así era a varanda de protección existente no peirao de Ons. Que pasou para que non a coloquen este verán? Terá que caer algún neno!!! Páx. 1



Xantar de confraternidade no Día de Galicia en Pereiró. Páx. 4

O noso Chayanne galego en Ons. Carrillo, xa está montando outra aventura. Páx. 5



## Breves:

- Presentación revista Os Galos. Páx. 3
- Os que ano a ano non fallan en Ons. Páx. 3
- Despedida do Faro de Ons. Páx. 7

Fotos das obras en Curro da Axencia de Turismo e Parques.

Páx. 6



## UNHA OPORTUNIDADE PERDIDA

Comentabamos no nº 127 de Onstopus, páx. 6, que a carón das rutas guiadas que organiza o Parque, poderíanse aproveitar os **grupos de investigadores** que ao longo do verán veñen a Ons e aos que Parques cede infraestrutura para que realicen o seu traballo.

Coido que, en compensación poderían un día dedicalo a explicar, no Centro de Visitantes, a turistas e veciños os seus proxectos e traballos.

Este é o caso do grupo de voluntariado do **WWF** que durante unha semana do mes de xullo estivo en Ons realizando o seu traballo que ten como obxectivo: **“Recolectar información das interaccións entre a actividade humana e as poboacións de aves mariñas mergulladoras (cormorán moñado). Esta actividade está enmarcada no Plan de Sensibilización e Voluntariado Ambiental do OAPN (Organismo Autónomo de Parques Nacionais)”**.

Penso que non suporía ningún atranco que os que dirixen a actividade ou algún dos seus compoñentes, programaran unha charla no C. de Visitantes da Illa para explicar os seus obxectivos.

Sigo dicindo que non hai “vista” nos **políticos e xestores** do Parque para aproveitar estas oportunidades e conseguir con iso que o Parque sexa moito máis **ACTIVO** do que é.



### INCREMENTO EN ONS DO NÚMERO DE PARELLAS REPRODUTORAS DE GAIVOTA PATIAMARELA

Segundo datos do Parque Nacional, en Ons, ao contrario que Cíes, aumenta o número de gaivotas en comparación ao ano 2025.

O problema de Cíes achácano a unha bacteria (*Clostridium botulinum*) que lle causa unha parálise




importante. Aínda que eu sigo pensando que tamén pode producirse por un aumento considerable do seu **colesterol** achacábel á cantidade de chuches e bolería que collen nas mesas das terrazas dos bares.

**Nas fotos** o Censo de Reprodución nas illas atlánticas do Parque Nacional e unha gaivota patiamarela preparada para conseguir o seu condumio ao menor descoido.

### Censo de la Población Reproductora de Gaviota Patiamarilla (2025-2026)

Incremento y distribución de parejas reproductoras en el Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia.



Así está en Ons a varanda do peirao para evitar caídas, con cabos, sendo un perigo para rapaces pois cólanse sen problema. Sen embargo en Sanxenxo, por menos, barrote para evitar caídas, segundo din. Cando colocarán ben a varanda do peirao? **Ver Onstopus 129, páx. 6.**





Das tres Rutas principais da illa, a do **Castelo** é a máis curta, sen embargo, pode ser ideal para un paseo de tarde despois do xantar e antes de marchar. Para levar a cabo este itinerario, mellor partir a carón da igrexa, en Curro (F.1) polo camiño que vai cara a Melide. Sería un paseo de vagar, onde poderemos contemplar a arquitectura popular mariñeira que atoparemos ao noso carón esquerdo e, xustamente á altura da única casa que imos atopar á dereita, a uns 50 metros miraremos un sinal e un sendeiro (F.2), tamén á dereita. Por el baixaremos e iremos entre algunha maceira e un bo número de abruñeiros.



Percorridos uns 100 m., aprox., atoparemos de fronte unha enorme matogueira. Ao seu carón dereito, un pequeno sendeiro (F.3), feito actualmente, que nos levará ata a parte superior do que foi un Muíño de Auga(F.4).

Unha enorme mágoa que os xestores do Parque, que non se preocuparon nunca da parte etnográfica de Ons, non poñan en valor estes restos nesta Ruta. Só teñen que programar, co Grupo de Mantemento, a súa exhaustiva limpeza e un panel explicativo, pois estes restos forman parte da historia etnográfica contemporánea de Ons.



Vemos, na foto da esquerda, como limparon a zona hai anos, quedando perfectamente á vista os restos do Muíño e un pouco máis abaixo, o canal por onde transcorría cara ao mar (F.5) Na foto da dereita, vemos unha das mellores zonas por onde hoxe podemos achegarnos e velo (F.6). Un fallo enorme de Parques ao non poñer en valor estes vestixios etnográficos, só hai que rozar ben a zona e poñelo á vista. Tamén importante que, por especialistas, se faga un estudo sobre el.




Logo seguiremos o sendeiro cara ao mar (F.7) onde poderemos ir contemplando a costa próxima, para despois duns 200 m. aprox., chegar ao **Castelo da Rueda** (F.8) onde atoparemos un panel explicativo e os restos do que foi unha batería de defensa. A continuación volveremos de novo ao sendeiro para, con calma ir observando o litoral, algunha faena pesqueira e máis abruñeiros. Rematará esta Ruta nunha interesante zona de descanso dende onde baixaremos á Praia das Dornas.

Unha Ruta curta pero de interese histórico, etnográfico e natural, para gozala paseniñamente.



Foto: Faro de Vigo. Pablo Hernández Gamarra



### Etnografía auniense\* Aportación persoal á recompilación de topónimos de Ons e á súa interpretación

Celestino Pardellas de Illas

#### INTRODUCCIÓN

Aínda que sabemos que Ons estivo habitada desde épocas prehistóricas, a última repoboación tivo lugar a principios do século XIX, concretamente polo ano 1810, cando se decide fortificar a illa para defender a costa de posibles incursións marítimas.

Apartes dese ano e debido que a instalación de baterías, ao final, non se deu rematada, moitos das persoas que acudiron para realizar os traballos, os que aportaron os recursos necesarios para manter desenvolvementos e outras que volveron posteriormente, comezaron a formar, o que podemos chamar, o último asentamento poboacional de Ons, que durou ata os nosos días.

Este primeiro establecemento humano, realizado por persoas procedentes das illas de Pontedeira, Morrazo, principalmente, pero tamén de Salnés e ata do Barbanza, as que menos. Nos primeiros anos, trasladábanse a Ons para cultivar as terras, en períodos máis ou menos longos segundo as colleitas e as súas posibilidades económicas, pero mantendo a súa ligazón co lugar de procedencia.

Na década de 1830-40, a instalación na illa faise continua e comezase a formar, co paso do tempo e coas nosas xeracións, a comunidade verídica actual auniense. Eses primeiros poboadores, e aínda que algúns procedentes da mesma illa, van traer a cultura dos seus lugares de orixe, na illa mestranse e, co paso de máis de 200 anos de historia, foron creando unha Cultura Popular Agrícola-Marítima, única e propia.

Ons, aínda que case pódese afirmar que non mudou o contorno (desde a parroquia de Bualbual, en días claros e aprazibles, parece que damos un chupazo e estamos en Ons, sen embargo, aínda e nalgunhas das súas peculiaridades, a Grande Esquerda para estudios e investigacións).



A illa de Ons desde a Praia de Parga, Pontevedra.

Non me cansarei de dicir, que Ons posúe unhas características socio-históricas-etnográficas únicas e valiosas para estudios e científicos, pero, sen ser capaz de entendelo, podo dicir que, ata o ano 2002, en que pasou a formar parte do Parque Nacional Galego, e despois de moito reivindicado, por fin, a illa de Ons, pasou a ser espazo de investigación por persoas competentes e expertas, aínda que, queda moito máis por facer.

Como dicía, déronse pasos importantes no seu estudo, pero cando que a parte etnográfica quedou pos-

Vén de ser presentada o nº 20 da revista **Os Galos**. Presentouse no Estaleiro de Purro en Bueu o día 23.

Teño a honra de participar nela cun artigo sobre Toponimia Auniense que dedico a título póstumo ao mestre e lingüista, recentemente falecido, Fernando Cabeza Quiles. A revista aporta unha boa cantidade de artigos entre os que quero destacar aos colaboradores de AUNIOS: Arturo Sánchez Cidrás que escribe sobre a Dinamita na pesca. Lino J. Pazos que fala sobre a ferraxeira “Casa Estévez” de Bueu. Xaime Toxo escribe sobre Maruja Mallo. Xerardo Desairas fala dos galegos de Kinsale e Isidro Cortizo mostra unhas pinturas sobre a Illa de Ons.

Artigos todos eles de grande interese xunto aos demais de Francisco R. Pastoriza, Humberto S. Esperon, Suso Framil, Salvador Rodríguez, Lucía Novas e Davila coas súas magníficas tiras de humor.

Longa vida para esta revista e que dure, polo menos, outros 20 anos máis.

## OS QUE, ANO A ANO, NON FALLAN EN ONS



Os barcos encargados de traer o material e víveres á illa.



Os voluntarios de Amigos que se encargan de limpar, sobre todo cabichas, que os turistas ciscan pola Illa.

Dúas boas pezas, o Rabelo e Kiko, o electricista, non confundir co da catedral.



Os da mesa da partida e os miróns. Covito, Maquieira, Pepucho e Pepe de Checho. Desta vez, de mirón, Cesáreo.

Eduardo, Gardaxurado, despois dos seus paseos a Melide e de acaparar todo o sol que pode, aliméntase de marabilla.





Tivemos a sorte de contar con Chayanne, que gozou uns días en Ons antes do seu gran concerto de Vigo. Aquí o vemos dando os seus primeiros pases coa gaita.



Comezaron o día 25 cuns primeiros concertos no Checho e no Acuña. Aquí vemos a Chayán, xunto con Nene ao tamboril, Carlos ao bombo e acompañados de Ninfo coas cunchas de vieira. Todo un luxo de artistas de primeira categoría.



Despois desprazáronse ao "Pirata" onde, despois da cea, animaron ao persoal que alí gozaba dunha boa cea. Aquí tiveron a sorte de contar co gran Tinón que, a falta de cunchas, ben valen unhas culleres. Un concerto do máis alto nivel.

Xa, ao día seguinte, papadela de confraternidade, onde o chef, sete estrelas Michelin, Martín Herbello, preparou unha exquisitez de arroz.



Despois dun pasa-camiños, con gaita, tamboril e bombo polos barrios de Curro, Canexol e Pereiró, coller viño e sobremesa, dirixímonos ata a casa de Rosiña, en Pereiró, onde o Chef Martín estaba a preparar un arroz caldoso, acompañado antes de empanadas de choco e xoubiñas.



As empanadas acompañados duns bos caldos de Albariño, Ribeiro e Rioxá. Logo a papadela, un pouquiño apertados, pero fantástico. Deseguido, degustamos o arroz, que estaba de vicio e aínda un pouco de xabaril que sobrou do día anterior. Logo, de sobremesa unha empanada de mazá que fixo Isa, muller de Pepe de Miro, foto de familia e troulada con baile incluído. Unha xornada para non esquecer e repetir.

## CONTOS DE TABERNA “O Pub <CARRIMOUCO>”

Como todos os contos deste minixornal, comeza tamén na mesa da partida, pero desta vez, o protagonista non son os habituais: Pepe e Manolo da Illa, senón “*Carliños da Illa*”.

Xa, dende moi neno, era un pouco traveso e, como facían antes na illa, pronto buscáronlle un alcuño, e este foi “*Carrillo*”. Era época franquista e, ao ser tan revoltoso, dixerónlle: “*Es coma Carrillo*”, facendo alusión a aquel histórico comunista, e así quedoulle.

Pois ben, era fillo dun gran mariñeiro auniense, Benito Patiño, e rapidamente aprendeu as mañas e converteuse noutro gran patrón. Chegou a ter barco propio, dos máis grande de Ons, o “*Xa me Vedes*”. Pero daquela a pesca ía en descenso e ofrecéronlle unha oportunidade fóra do mundo pesqueiro. Aceptou e converteuse no maior instalador de pantaláns de Galicia e resto da costa española e portuguesa, chegou a coñecerse como “*O Rei dos Pantaláns*”. Pero, como a súa <cabesa non para> nunha das súas viaxes a Nerja, quixo traer á ría de Pontevedra o barco de Chanquete, para facerlle competencia ás navieiras que veñen a Ons, pero non llo deixaron traer os malagueños. Logo, ao coñecer a historia de Ons, onde Franco quixo poñer unha base de submarinos, non o pensou máis, e logrou convencer á armada rusa e a dous intrépidos comandantes, e trouxo un submarino a Ons (vímolo en Onstopus nº 128) pero tivo moitos problemas cos responsables do Parque Nacional e, nun principio, desistiu.



Dende a Autoridade Portuaria responsable, puxéronse en contacto con el. Había a necesidade de arranxar e reconstruír o **Faro de Camouco**, moi preto de Ons, e aceptou o reto desa obra.

Como xa dixen, a súa <cabesa non para> e veu a oportunidade.

Durante as horas de traballo, a restaurar o Faro, pero logo, aproveitando a estrutura que trouxeron para ese cometido, decidiu engadirlle uns pantaláns, para agrandar o espazo, e montar un **Pub**, para **tardeo** e **noiteo** e foi así como naceu o

**PUB “CARRIMOUCO”**.

Está a ser un éxito total, tanto é así que, nun dos lados da estrutura, e debido a estar tan preto da praia de Melide (noutra hora un bastión nudista en Galicia, aínda que agora o téxtil=traxe de baño predomina) decidiu poñelo como **Espazo Nudista**, en onde poden estar, nús ou espidos (é dicir, en pelotas) todos os clientes que o desexen, outro enorme éxito.

Os clientes, en pequenas lanzadeiras, van e veñen asiduamente dende as 20’00 h, ata as 5:00 da mañá. Logo, con hidráulicos, sube os pantaláns engadidos e ás 8:00 h a seguir co traballo de rehabilitación do Faro de Camouco.

*Carrillo*, todo un fóra de serie en ideas, aínda que algunhas non lle dean bos resultados.

**NOTA: Todo parecido coa realidade e pura coincidencia. Dedicado ao meu querido amigo auniense Carlos Patiño.**



## CONTOS DE TABERNA. Última hora. OS DOUS CHAYANNES

Aquí os temos, o Chayanne do Morrazo-Ons (*Chayi*) e o Portorriqueño. Coñecéronse na mañá do concerto en Vigo e foron invitados por un tal “*Caballero*” a xantar nun dos mellores restaurantes da Cidade Olívica.

Despois dunha excelente variedade de mariscos e unha boa carne, veu a sobremesa na que *Chayi*, non dubidou en sacar a gaita (instrumento de vento) e ofrecer un gran repertorio que, como virtuoso de tal instrumento que é, deixou aos comensais do restaurante abraizados e a Chayanne, *anonadado*. Tal foi así que, cando Chayi interpretou a canción de “Torero” coa gaita, o portorriqueño, non dubidou en convidalo a que, no momento da súa actuación en Vigo, saíra tamén ao palco coa gaita.

*Chayi*, moi comedido, díxolle: - Non, por favor, non quero quitarte a ti o protagonismo. Cousa que Chayanne aceptou, non fóra a ser o caso...

O que si, o portorriqueño, quedou en aprender un par de cancións con tal instrumento. Hai que dicir que intentouno e, increíble, pronto colleulle o xeito, e quedou en ir a *Ons*, o día da **Festa de San Xaquín**, e interpretar as cancións que máis lle gustaron: <*Auga que non has de beber....*> e, en homenaxe a Taboada: <*Súmballe o caneco*>. E, en primicia comentou que, para o ano, a canción que vai sacar, levará o título de: “*Quiero ser gaítero*”, xa está ata os mesmísimos, de ser *Torero*.



[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ponte-vedra/2026/08/02/chalet-informaciones/0003\\_202608P2C4991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ponte-vedra/2026/08/02/chalet-informaciones/0003_202608P2C4991.htm)

Interesante, a noticia.



Algunha das obras que se están a realizar no barrio de Curro pola Axencia de Turismo, co visto e prace da Consellería de M. Ambiente e Parque Nacional. Como xa dixen no anterior Onstopus, ía poñer algunha foto delas, pero sen comentalas, espero ao remate das obras. O motivo de expoñer estas fotos é para que os lectores comprobén o que se está a realizar neste barrio e que vaian sacando conclusións sobre a súa necesidade e complexidade, falta o camiño de pavicésped e coñecer como van tapar o muro de final de peirao con enredadeiras.

# FARO de ONS

## **Prezados lectores**

**Con esta saída, deixo de aparecer neste minixornal.**

**Quedo á espera de acontecementos.**

**A ver se, polo San Xaquín, fanlle unha homenaxe , máis que merecida, a todos os fareiros que pasaron e me mimaron ao longo da miña existencia.**

**Grazas por escoitarme durante todo este tempo que estiven aparecendo nestas páxinas.**

